

OS SOCIALISTAS DENUNCIAN QUE CORREOS NEGA O PERMISO AO QUE TEÑEN DEREITO DURANTE A CAMPAÑA ELECTORAL OS TRABALLADORES INTEGRANTES DAS LISTAS MUNICIPAIS

O PSOE da provincia de Lugo presentou un escrito ante a Xunta Electoral para que se dea cumprimento á lexislación concedendo con elo o permiso de 15 días aos integrantes das listas afectados pola decisión da Sociedade Estatal

Lugo, 14 de maio de 2015.- O PSOE da provincia de Lugo denuncia que aos membros das listas electorais traballadores de Correos negóuselles, de xeito inxustificado por parte da sociedade estatal, o permiso laboral retribuído ao que teñen dereito durante a campaña como funcionarios públicos. Un permiso que lles fora concedido, ata o de agora, a todos os candidatos e suplentes proclamados polas diferentes Xuntas Electorais nos procesos de ámbito estatal, autonómico ou municipal.

Un permiso que é un dereito, que non pode limitarse ou reducirse, que ten unha duración de 15 días coincidentes co período de campaña e que debe ser integramente concedido ao funcionario ou traballador que o solicite.

Neste senso cabe lembrar que os funcionarios públicos, durante a campaña electoral teñen, os dereitos recoñecidos polo RD 421/1991, de 5 de abril, en relación co artigo 30.2 da Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma da Función Pública. Asemade, no caso que nos ocupa, ao non considerarse a suxeición do persoal laboral da Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos, S.A a normativa relativa aos empregados públicos, estaríase a vulnerar o artigo 37.3 do Real Decreto 1/1995, de 24 de marzo polo que se aproba o texto da Lei do Estatuto dos Traballadores. Así o traballador tería dereito “previo aviso e xustificación a ausentarse polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional nun período determinado”.

Atendendo a lexislación vixente, o PSOE da provincia de Lugo ven de presentar un escrito ante a Xunta Electoral para que se dea cumprimento á lexislación electoral concedendo con elo o permiso de 15 días aos integrantes das listas afectados pola decisión de Correos. No caso contrario, a sociedade do servizo postal público estaría a incorrer nun delito electoral, xa que a que mudou foi a condición da empresa, non a dos traballadores que seguen a ser funcionarios públicos.

